



## **BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEAREAS, CELEBRADA O 21 DE DECEMBRO DE 2015.-**

Casa do Concello Ponteareas 21 de decembro de 2015, baixo a presidencia do Sr. Alcalde don Xosé Giráldez Represas, asistindo a secretaria accidental dona Pilar Rodríguez Domínguez, están reunidos os señores concelleiros dona M<sup>a</sup> Jesús Garrote Represas, dona M<sup>a</sup> Cristina Fernández Davila, dona Hortensia Bautista Fernández, dona Verónica Carrera Blanco, don Francisco F. Alonso Pedreira, don Benito Marquez Castro, dona Vanesa Fernández Soage, don Mario Lago Moriña, don Manuel Norberto Troncoso Rodríguez, don Salvador González Solla, dona M<sup>a</sup> Belén Villar González, don Manuel Alberto Novoa Iglesias, don Jesús Manuel Cao Vila, don Domingo Freitas Dalmeida, don Andrés Sampedro Fernández, dona Maria Soledad Valado Pérez, don Juan Carlos González Carrera, dona Raquel Bautista Alfaya, dona M<sup>a</sup> José González Aparicio, e don Lino Costas Vila, con obxecto de levar a cabo sesión ordinaria da Corporación Municipal, convocada previamente para a data e que se celebra en primeira convocatoria. Sendo as 20 horas 7 minutos, polo Sr. Alcalde iníciase a sesión e de conformidade coa Orde do Día son adoptados os seguintes acordos:

### **1.-Aprobación,se procede, das actas correspondentes as sesións anteriores levadas a cabo nas datas 17 e 30 de novembro de 2015.-**

O SR. ALCALDE solicita intervencións con respecto as actas do 17 e 30 de novembro de 2015.-

O SR. COSTAS VILA, sobre a acta do 17-11-15, facer unha apreciación, non é fácil recoller en acta todo, pero quero matizar .

Con respecto ao punto 6 de dita acta, matizo a miña intervención sinalando que votei a favor porque na xunta de voceiros o goberno municipal comprometeuse a aceptar as alegacións presentadas sobre o Consello Sectorial Social.

**VOTACION CONXUNTA AS ACTAS DO 17 e 30 DE NOVIEMBRE DE 2015.-**  
Unanimidade a favor dos membros presentes (21 votos a favor).

Na súa consecuencia as actas de datas 17 e 30 de novembro de 2015, quedan aprobadas.-

A Secretaria ausentase uns intres.-

Incorporase a secretaria reanudándose a sesión ás 20,11 horas.



**2.-Dar conta dos decretos e resolucións dictados no período comprendido entre o 9 de novembro e o 4 de decembro de 2015.-**

Período dos Decretos e Resolucións: **do 9 de novembro de 2015 ó 4 de decembro de 2015.**

Empezan co número **2087.15 do 9 de novembro de 2015** e rematan co número **2233.15 de 4 de decembro de 2015**. E decreto nº **2011.15 bis, de 27 de outubro de 2015**, que quedou sen dar conta no Pleno pasado de

**C O N T I D O:**

**ALTAS** no Padrón Municipal de Habitantes: Vinte e seis (26).

**BAIXAS** no Padrón Municipal de Habitantes: Nove (9).

**CAMBIOS DE ENDEREZO** no Padrón Municipal de Habitantes: Vinte e cinco (25).

**PERSOAMENTOS E OUTROS:** Un (1).

**ORDENACIÓNS DE PAGOS:** Vinte e cinco (25).

**PAGOS A XUSTIFICAR:** Dos (2).

**APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA:** Catro (4)

**APROBACIÓN LIQUIDACIÓN DE TAXAS:** Doce (12).

**MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA:** Tres

**RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO:** Catro

**ESTIMACIÓN/DESESTIMACIÓN RECURSOS E OUTROS:** Seis6

**INICIO EXPEDIENTES SANCIONADORES E OUTROS:** Oito (8)

**CONVOCATORIAS DE PLENOS, XUNTAS DE GOBERNO E COMISIÓNS INFORMATIVAS:** Once.

**OERTAS DE EMPREGO:** Dous (2)

**CONTRATACIÓN DE PERSOAL:** Tres (3).

**NOMEAMENTO DE TRIBUNAIS:** Un)



**NOMEAMENTO TESOUREIRO ACCIDENTAL: Tres (3)**

**Nº 2147.15.-** Levantando precinto de todos os vehículos que se atopen nas instalacións municipais no barrio da Cruz.

**Nº 2148.15.-** Excluindo a dona Laura Fernández Pérez das listas de substitución na categoría de Auxiliar de Puericultura por non ter a titulación requirida.

**Nº 2231.15.-** Resolvendo que non é preciso autorización municipal para a tala de árbores solicitada por dona Nieves Prego Represas.

**3º.-Proposta da Alcaldía de data 11 de decembro de 2015, de aprobación inicial a modificación da plantilla de persoal consistente na amortización de prazas vacantes.-**

Visto o dictame da comisión de Réxime Interior do 16-12-15.

O SR. ALCALDE: A proposta conta cos informes do asesor xurídico do 10-12-15 e do interventor do 11-12-15.-

Resumindo, trátase de amortizar prazas vacantes por xubilacións producidas no 2014, como figuraban no plan de axuste aprobado polo Pleno do 25 de setembro do 2013.

Esas prazas a nivel económico suman 115.236,74 euros, algo superior a 108.252,00 euros previstos no Plan de axuste. Trátase de amortizar 2 prazas de administrativo, 1 de delineante e 1 de director da estación de autobuses.

O SR. COSTAS VILA, non estamos de acordo coa amortización, é certo que se contempla no plan de axuste, pero considero que é limitar o ascenso dos traballadores, non me parece a fórmula máis adecuada.

Hai un informe do interventor de cando se aprobou o plan de axuste, o asunto podería cumprirse igual buscando outro xeito de axustalo. Daquela o BNG e o PSOE votaron en contra, non sei o que cambiou.

Non estou seguro de que a plantilla estea sobredimensionada, pois en secretaria, por exemplo, están saturados.

Hai un ERE

Voto en contra.

O SR. GONZALEZ CARRERA, satisfacción co que dixo o Alcalde de deixar para outro pleno o tema da Área Metropolitana. Hoxe na xunta de voceiros pedín máis tempo para estudialo. Agradezo esa atención por parte do goberno. Con relación ao 3º punto, como se dixo aquí é motivado polo plan de axuste aprobado en setembro do 2013, ían as prazas.

Non nos escondemos, daquela apoiámos o Plan, pero non podemos comparar hoxe co aquela data (daquela si non tomabamos medidas de aforro o Estado nos interviña), coas consecuencias para o pobo. Era situación límite.



CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Sobre o tema, pódense tomar outras medidas de aforro.

O goberno deixouse levar, e puido traer ao pleno medidas que non faga dano aos servizos. Falo por exemplo do incremento do IBI co cal é superior a previsión do Plan de Axuste, de sobre para poder retiralo.

O goberno pretende facelo habilmente, mirando a liquidación do ano pasado terían 115.000 euros para gastar noutras cousas.

Hai que priorizar.

Estaríamos dispostos a amortización da plaza de director da estación de autobuses, pola asunción da Xunta, pero as dos administrativos non o consideramos, e a delineante ven podería transformarse noutra plaza como un arquitecto técnico para a oficina técnica. Si o goberno o considera apoio a da estación de aubuses, pero non as outras plazas.

Si non é así, o voto de ACIP vai ser negativo.

A SRA. VILLAR GONZÁLEZ, o importe dos 108.000 euros non é do 2014, é do 2015, quedarían 133.731 euros do ano 2014.

O Sr. Costas mencionou que había outro ERE, non é así, só se fixo un ERE.

De acordo con esta medida proposta, tamén de acordo con ver que prazas se necesitan.

Agora non se pode contratar, máis adiante poderase ver a plantilla ideal.

O goberno, daquela votou en contra do Plan de Axuste, agora nos sorprende, parece que as medidas non eran descabelladas.

O PP vota a favor.

O SR. ALCALDE, aos Sres. Costas Vila e González Carrera, decirlles que son coñecedores do informe do Sr. Interventor, advertía de se debía tomar este acordo que agora se propón.

A débeda de agora non é igual ca do 2013, se pagou bastante, pero o 2016 vai ser igual de complicado que o 2015 polas sucesivas sancións e sentenzas de condeas que non coñeciamos, e van estar entono a un millón de euros.

Ademáis dase a circunstancia do 50% de retención polo Estado.

No 2016 a situación non será mellor que en 2015

Suxerencias plantexadas: na plantilla hai outras vacantes polas necesidades que temos, algunhas serán necesario cubrilas, outras poderán modificarse. Temos marxe para utilizar esas vacantes. En todo caso as suxerencias debían facerse na comisión informativa e non neste Pleno.

Son por xubilacións do 2014, que había que aprobalo no 2015.

Non nos quedaba outro marxe, agora as propostas de modificacións chegan tarde.

O SR. COSTAS VILA, a suxerencia xa as fixemos na comisión informativa, dixeron que se podería axustar noutras cuestións. Non poden revistar os Presupostos, para ver de onde, pero podería axustarse.

O SR. GONZALEZ CARRERA, estamos a 21 de decembro, puido plantexalo antes.

O Sr. Costas o dixo na comisión informativa.



CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Cando vexamos o do millón de euros, xa o miraremos.  
Si aforran 108.000 euros tamén teñen cartos para gastar.  
Puideron buscar outras maneiras.  
Hai que recordar cando se modificou a plaza de directora da gardería.  
Púdose traer a modificación da plaza de delineante, por unha plaza cualificada para a oficina técnica.

A SRA. GARROTE REPRESAS, ao Sr. González Carrera, ten razón as cousas moito cambian depende do sitio onde estea sentado. Vostede votou a favor destas amortizacións cando o anterior goberno do PP.  
Tiñamos imposibilidades, o contrato de aparelador o fixemos por cuestión de obra. Non queda mais remedio que facer o que vostedes aprobaron.  
No é mellor o 2015 que o 2013, nos seguen retendo o 50% e ademais temos os cartos pendentes de pago das sancións.  
Si se puidera facer doutro xeito, se houbera feito.

A SRA. VILLAR GONZALEZ, somos coherentes co que fixemos daquela, foi o mellor que puidemos facer .  
Somos coherentes, non como hoxe o BNG e PSOE.  
Non é cumprir o plan así, teñen que buscar de onde aforrar, non se escuden neso.  
Nunca dixemos que a plantilla era grande, vostedes si.  
Falabamos de ter plazas cualificadas, agora o Estado non permite crear novas plazas.  
Cando queiran podemos falar de gastos.  
O concello non é estático, é a xestión do goberno.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, a Sra. Garrote facía alusión a ACIP. Nos o aprobamos no 2013 pola posible intervención, e para non ter problemas no noso pobo.  
Sigo no mesmo sitio onde estaba, apoiarei sempre para o ben do pobo.  
Defendo aos traballadores.  
Grazas a nos o concello estará saneado. Vostede votou en contra.

VOTACIÓN Á PROPOSTA: 17 votos a favor (5 BNG, 4 PSOE, 1 A Riada do Tea, 7 PP), e 4 votos en contra (3 ACIP, 1 EU).

Na sua consecuencia, a Corporación Municipal acorda:

1.-Aprobar inicialmente a modificación da plantilla de persoal funcionario e laboral, consistente na amortización das plazas vacantes, por xubilacións, que a continuación se relacionan:

As prazas correspondentes a funcionarios son as seguintes:



CONCELLO  
DE  
**PONTEAREAS**

(Pontevedra)

TIPO POSTO	SITUACIÓN	NÚMERO PRAZA	POSTO DE TRABAJO
f	v	7	ADMINISTRATIVO
f	v	13	ADMINISTRATIVO

As prazas correspondentes de persoal laboral xubilados no 2014 son:

PRAZA	SITUACIÓN	NUMERO PRAZA	CATEGORIA	GRUPO CONVENIO
If	v	1.01.16	DELINEANTE	3
If	v	1.10.02	DIRECTOR ESTACION AUTOBUSES	3

2.-Expor ao público o expediente de modificación da plantilla polo prazo de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación no anuncio no BOP, durante o cal poderase consultar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno municipal.

3.-Aprobada definitivamente a modificación, que se remita copia á Administración do Estado, e a Comunidade Autónoma, e que se publique no BOP a efectos do seu coñecemento e entrada en vigor.

#### **4.-MOCIÓNS:**

**4.a).-Moción presentada por ACIP o 6 de novembro de 2015 (registro 9015), proponendo solicitar a Deputación Provincial e a Xunta de Galicia que asuman diferentes cuestións para a construción da escola infantil.-**

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, todo o mundo sabe da necesidade da escola infantil, o levamos falado dende o 2010. Naquel momento había un convenio con aportacións da Xunta 60%, 20% Deputación, 20% concello.

Con respecto á axuda do 20% da Deputación se falou e se cambiou a partida. Entendo que a nova escola é moi necesaria sobre todo pola lista de espera e, valorada pola cidadanía.

Demandar a construción, agora temos os terreos.Falta a construción.



CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Non nos vale decir que non está aprobado o PXOM, por interese xeral pode facerse (o concello de Vigo co tema do PXOM faino pola vía supramunicipal, igual que nos).

Colexio Ramiro Sabell, Xulgados, etc, podemos facer o mesmo coa gardería utilizando a mesma fórmula.

Pido asunción dos gastos do 100%.

Non estou de acordo con que veñan nenos doutros concellos, por eso pido o 100% da Xunta- Deputación.

A moción é do teor:

“A construción dunha nova Escola Infantil neste Concello é algo que se ven reclamando desde o ano 2010 coa firma dun Convenio no seu momento entre o Ministerio de Educación, Xunta de Galicia e o Concello de Ponteareas no marco do Plan Educa 3.

Pero o que si é certo que a data de hoxe a situación é a mesma que naquel entón, os pais e nais que queiran matricular os seus fillos na escola infantil pública atopáronse coa mesma situación, quedando na lista de espera.

Para o grupo Municipal ACIP é algo que non pode esperar máis, pois a conciliación laboral e familiar é algo irrenunciable por parte da sociedade.

No pasado ano 2014, o goberno municipal levoau aao Pleno a aprobación dun novo Convenio, onde a Xunta aportaría un 60 % do seu financiamento para a construción, Deputación Provincial o 20% e o Concello o 20%.

O que si é certo que o Concello ten que aportar os terreos, o cal xa fixo mediante convenio urbanístico, mais os servizos xerais (luz, auga, teléfono, gas, tec...) necesarios para a súa posta en marcha.

Este Concello leva asumindo desde fai moitos anos servizos que non lle corresponden, co cal entendemos que débese solicitar a modificación deste convenio e, que sexa a Deputación Provincial a que aporte o 40% dos cartos necesarios para a súa construción, excluindo ao Concello de pagar cantidade algunha.

Tamén entendemos que na comisión mixta debese facer unha valoración real dos custos do seu mantemento, pois vai formar parte, esta Escola Infantil da Rede de Escolas da Xunta de Galicia e o Concello so debe asumir os custos dos nenos do noso Concello.

Por todo isto propomos ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:



CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

1º.- Dirixirse a Deputación Provincial para que asuma o 40% da cantidade económica para a construción da escola infantil dos seus propios fondos, e non un 20%.

2º.- Esixir á Xunta a construción da Escola Infantil coa maior urxencia debido a situación de listas de espera na que se atopan moitos pais.

3º Dirixirse á Xunta de Galicia e se proceda á revisión dos gastos de funcionamento da mesma e que este Concello so asuma a parte correspondente aos nenos matriculados que sexan de Ponteareas”.-

Si é necesario podemos engadir”supramunicipal”,por non ter o PXOM.

O SR. ALCALDE: con respecto á proposta de ACIP de ”supramunicipal”, esa opción a valoramos pero a descartamos polos prazos.

O tempo para esa modificación ía ser superior ca de aprobación do PXOM.

Esperamos traer o PXOM ao Pleno pronto para aprobación provisional, e a Xunta non tería problemas en aprobalo.

Mellor así que facer unha modificación sobre a parcela, esa opción xa a baraxamos.

En canto á maior coste de mantemento a cargo da Xunta, imos apoiar.

Sobre a proposta de acordo do nº 1, aclarar que o 20% da Deputación foi gastado noutras obras polo anterior goberno,e o de fondos propios do Presidente(20%) Ponteareas xa os gastou.

Agora a Deputación, cambiou, non hai fondos propios.

En todo caso a asignación económica da Deputación nos xa recibimos directamente e de ahí é de onde temos que tirar. Non existen mais cartos da Deputación.

Non hai cartos de libre disposición da Presidenta.

Co PXOM aprobado no segundo semestre do 2016, temos solicitado entrevista co Conselleiro de Benestar Social e esperamos que a Xunta poña en marcha a cuestión e cumpra o compromiso.

En febreiro do 2015, a Xunta comunica ao concello de continuar co compromiso da nova escola infantil, unha vez que se resolva o tema dos terreos, queremos confirmalo nesa reunión.

O 1º punto da moción non podemos aprobalo.Os puntos 2º e 3º a favor.

O SR. COSTAS VILA, ia a votar a favor do 1º punto,pero en vista do dito voume abster.

Pido que explique ben o 3º punto, supoño será por convenio coa Xunta.

O SR. GONZALEZ SOLLA, votamos a favor.

Dacordo con parte da exposición do Alcalde.

En agosto do 2012 no DOG publicouse a realización de 12 escolas, entre elas a nosa. A continuación remiten o convenio e nos tiñamos que aportar o 40% duns 709.000 euros.





CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Ademáis había que por a disposición os terreos e mais o mantemento. Dende aquela a finais do 2012 non podiamos aportar o 40%, non tiñamos o terreo e optouse por convenio no mellor sitio, ao lado dun parque. Logo no 2014 se nos envía un novo modelo que se aprobou no pleno 60% Xunta, 20% deputación, 20% concello. Ese 20% era dos plans da deputación e por libre disposición se tiña adquirido ese compromiso. Antes de perder ese outro 20% optouse por invertilo en obras.

Á vista do informe da Xunta nos remite a un novo plan, pero no 2014 nos indicaron seguir adiante co PXOM.

Nos tratamos de que o Consorcio adquirira ese compromiso e unha vez se resolva o da parcela con data febreiro 2015 se nos remite a previsión da escola sinalando que continúa nos plans da Xunta.

Respecto a apoiar o 1º punto, sí, o Presidente facía ese esforzo, e si lle van dar mais cartos podían destinalos a eso.

Apoiamos a moción.

Daremos a posibilidade de apoiar o PXOM para que sala o tema para adiante.

O SR. ALCALDE, o que recibiremos a mais é unha cantidade similar ao que se necesita para a escola, o destinaremos así.

VOTACION A 1º PUNTO DA MOCIÓN.-10 votos a favor (7 PP, 3 ACIP), 10 votos en contra (5 BNG, 4 PSOE, 1 A Riada do Tea), e 1 abstención de EU.

O SR. ALCALDE, ao existir empate repítese a votación co resultado: 10 votos a favor (7 PP, 3 ACIP), 10 votos en contra (5 BNG, 4 PSOE, 1 A Riada do Tea), e 1 abstención de EU.

Co voto de calidade do Sr. Alcalde (que vota en contra) o punto 1º da moción, que se indica de seguido, queda rexeitado.

1º.- Dirixirse a Deputación Provincial para que asuma o 40% da cantidade económica para a construción da escola infantil dos seus propios fondos, e non un 20%.

VOTACIÓN AOS PUNTOS 2º Y 3º.-Unanimidade a favor dos membros presentes (21 votos a favor): 5 BNG, 4 PSOE, 1 A Riada, 7 PP, 3 ACIP, 1 EU.

Na súa consecuencia, a Corporación Municipal acorda:

2º.- Esixir á Xunta a construción da Escola Infantil coa maior urxencia debido a situación de listas de espera na que se atopan moitos pais.

3º Dirixirse á Xunta de Galicia e se proceda á revisión dos gastos de funcionamento da mesma e que este Concello so asuma a parte correspondente aos nenos matriculados que sexan de Ponteareas”.-

Ausentase o concelleiro don Juan Carlos González Carrera.



#### **4.b).-Moción presentada por EU-Son o 11 de novembro de 2015 (registro nº 9143) respecto da loita contra a violencia de xénero.-**

O Sr. COSTAS VILA, facer declaracións institucionais en contra da violencia está ben, pero tomar medidas concretas fomentando educación de igualdade.

#### **A moción é do teor:**

“Desgraciadamente un ano máis comprobamos como a pesar de que teoricamente a violencia de xénero contra as mulleres é rexeitada desde todos os ámbitos, é aínda unha secuela endémica que nos segue golpeando.

Desde que comenzou a crise, a violencia de xénero foi aumentando día a día. E a violencia institucional soterrada que se exerce contra as mulleres a través dos recortes orzamentarios, a diminución das poucas políticas de prevención que xa existían, ou a existencia de leis coo a Lei galega 3/2011 de Apoio á Familia e Convivencia que sitúa a muller no rol patriarcal de reprodución e coidados e recoñece un único modelo de familia nuclear, xunto coa imaxe discriminatoria e cousificada que se segue a ofrecer daas mulleres, son un caldo de cultivo que fortalece a desigualdade e a violencia, que son elementos inseparables.

Loitar contra a Violencia de Xénero require medidas específicas e especiais que proporcionen ás mulleres elementos de prevención e protección reais, é a sociedade, conciencia e cultura política para rexeitar todo tío de violencia, e particularmente, a violencia sexista.

En moitas partes do mundo as mulleres atópanse nuha situación insustentable de negación de dereitos, que as oculta, as empobrece e as sitúa en continuo risco, mesmo institucionalizado, de violencia extrema, de explotación sexual, de agresión, violacións, asasinatos e execucións.

No noso país, a deriva conservadora e patriarcal cara a posicións políticas regresivas, de recortes en recursos de protección social e en programas de igualdade, segue pondo de manifesto que a loita contra a violencia de xénero, é en definitiva, a loita pola igualdade entre mulleres e homes.

Por todo o exposto, o Pleno deste Concello esixe que a violencia contra as mulleres sexa eliminada definitivamente das nosas vidas, das nosas cidades e de toda a sociedade, e para iso, é necesario adoptar os seguintes acordos:

1. Que fronte a crise económica, o Concello de Ponteareas centre os seus esforzos e recursos económicos, materiais e humanos en consolidar a igualdade e a non violencia de xénero a través de Plans anuais que teñan un reflexo específico en xeral nos Orzamentos municipais.
2. Este Concello comprométese a que tanto a través dos obxectivos que se adopten no informe de impacto de xénero, así como a través das propias



CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

consignacións orzamentarias non inferiores ao 5% e adoptadas de forma transversal desde todas as delegacións municipais, se aborden programas destinados á prevención, sensibilización e actuación contra a violencia de Xénero; destinando estes fondos para accións directas e estruturais.

3. Instar á modificación da Lei Orgánica 1/2004, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, para incluír todas as formas de violencia de xénero.
4. Instar a derogación da Lei Galega 3/2011 de Apoio á Familia e a Convivencia, e a posta en marcha dun proxecto de Lei Galega que garanta os dereitos das mulleres e das persoas non heteronormativas.
5. Destes acordos darase traslado a todos os grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados e ao tecido asociativo da cidade”.-

A SRA. GONZÁLEZ APARICIO, dacordo con calquer esforzo avanzar contra a violencia de xénero. Independentemente de votar a favor quero que o Sr. Costas me diga que formas.

O SR. COSTAS VILA, as formas son situacións por dependencia económica, outras non son entre homes e mulleres só, se intenta que abarque mais posibilidades.

A SRA. GONZALEZ APARICIO, entón falamos de algo que aínda non está lexilado. Se pide, pero non podemos pedir si non está lexilado.

Estou de acordo pero tamén que se modifique a todas as formas de violencia, son matices.

Apoiamos.

A SRA. CARRERA BLANCO, o goberno está de acordo, e así o manifestamos en distintas ocasións.

Pido que se voten os puntos por separado, pois o nº 2 de comprometerse a aportar das propias consignacións orzamentarias non inferiores ao 5%, non é asumible, trátase de moita cantidade.

No resto dos puntos votamos a favor.

O SR. ALCALDE, que aclare o Sr. Costas o do 5%.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, pido votación por separado, no punto 2º non se aclara a que corresponde ese 5% e necesitaría informe do interventor.

Imos absternos nos puntos 2,3,4,5

A SRA. GONZALEZ APARICIO, ese 5% creo que era da consignación de servizos sociais, correspondería a diversas concellerías, non o vinculei cos orzamentos.

O SR. COSTAS VILA, o 5% se refire aos Orzamentos, dependería de varias concellerías. Se podía facer un cambioe por progresivamente ata chegar ao 5%.



CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O SR. ALCALDE, cando se sepan as previsións para 2016 poderemos ver entre todos a partida, agora sería unha intención, o demais é bastante no aire, e faltaría o informe económico.

Propoño unha partida pendente de concretar.

O SR. COSTAS VILA, acepto a proposta do Alcalde.

Con respecto a derogación da Lei de Familia, este punto non se truxera ao pleno. Pido derogala, sitúa a muller no rol patriarcal.

A SRA. GONZALEZ APARICIO, pouco teño que decir, pero podería ter conseguido vostede do Alcalde un 25%. En servizos sociais vai todo, podería telo aproveitado.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, que se diga o que imos votar.

O SR. ALCALDE, sobre o nº 2, se contemplará unha partida nos orzamentos do 2016, para estas finalidades, é imposible facelo agora pero sí temos o compromiso de aportar diñeiro ou crear unha partida específica en Igualdade.

O SR. COSTAS VILA, de acordo.

VOTACION CONXUNTA AOS PUNTOS 1, 2, 5: Unanimidade a favor dos membros presentes (20 votos a favor).

Na sua consecuencia, acordase:

1.-Que fronte a crise económica, o Concello de Ponteareas centre os seus esforzos e recursos económicos, materiais e humanos en consolidar a igualdade e a non violencia de xénero a través de Plans anuais que teñan un reflexo específico en xeral nos Orzamentos municipais.

2.-Este Concello comprométese a incluír nos Orzamentos do 2016 unha partida económica para estas finalidades, para abordar programas destinados á prevención, sensibilización e actuación contra a Violencia de Xénero, destinando estes fondos para accións directas e estruturais.

5.-Destes acordos darase traslado a todos os grupos parlamentarios do Congreso dos Diputados e ao tecido asociativo da cidade”.-

Incorporase o concelleiro don Juan Carlos González Carrera.

VOTACION AO PUNTO 3: 14 votos a favor (5 BNG, 4 PSOE, 3 ACIP, 1 A Riada, 1 EU), e 7 abstencións do PP.

Na sua consecuencia, a Corporación municipal acorda:



3.-Instar á modificación da Lei Orgánica 1/2004, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, para incluír todas as formas de violencia de xénero

VOTACION AO PUNTO 4: 14 votos a favor (5 BNG, 4 PSOE, 3 ACIP, 1 A Riada, 1 EU), e 7 abstencións do PP.

Na súa consecuencia, a Corporación municipal acorda:

4.-Instar a derogación da Lei Galega 3/2011 de Apoio á Familia e a Convivencia, e a posta en marcha dun proxecto de Lei Galega que garanta os dereitos das mulleres e das persoas non heteronormativas

Sae o Sr. Sampedro, incorporándose nuns intres.

**4.c).-Moción presentada por ACIP o 11 de decembro de 2015 proponendo poñer en marcha unha campaña de información e cursos para os veciños relacionada co uso dos produtos fitosanitarios.**

A SRA. BAUTISTA ALFAYA, expón a moción do teor:

“O Real Decreto 1311/2012 de 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para alcanzar un uso sostenible dos produtos fisiosanitarios (BOE número 223, do 18 de setembro) define, no artigo 3, o usuario profesional como “calquera persoa que use produtos fitosanitarios no exercicio da súa actividade profesional, incluídos os operadores, técnicos, empresarios ou traballadores autónomos, tanto no sector agrario como noutros sectores” Asímesmo este Real Decreto crea o Rexistro Oficial de Produtores e Operadores (en diante ROPOO) que comprende, entre outras, a actividade de manipulación e utilización de produtos fitosanitarios de uso profesional.

Co que respecta a formación, esta norma establece que a partir do 26 de novembro de 2013, as comunidades autónomas deben garantir o acceso á formación aos usuarios profesionais segundo o tipo de capacitación requerido e que só poderán subministrar produtos fitosanitarios para o uso profesional aos titulares de un carné que acredite a formación establecida a partir do 26 de novembro de 2015.

Para o grupo Municipal ACIP queda claro que esta norma afecta a moitos veciños do noso Concello, especialmente no noso rural, onde a partir do pasado 26 de Novembro, ninguén poderá comprar ningún produto fitosanitario se non ten o carné correspondente.

A falla de información foi total por parte das administracións, chámese Xunta de Galicia, como por parte do Concello de Ponteareas.

Noutros Concellos preocupáronse de crear convenios coa Cámara de Comercio e con empresas que realizan ditos cursos e colabaron economicamente cos veciños para que ditos custos fora menor.



CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Para o Grupo Municipal ACIP é un problema importante porque esta norma non diferencia e, en moitos casos, persoas maiores míranse nunha dificultade maior para poder realizalo debido, en casos, a súa propia idade, o cal, dito decreto debería diferenciar como o fai no país veciño onde os de máis de 65 anos están exentos do mesmo.

Neste Concello a incidencia é maior ante a falla de información fai que moitos veciños se trasladen a Portugal a comprar dos mesmos , ignorando que ditos produtos do país veciño non están autorizados no noso territorio, co que se arriscan a multas importantes por falla de información.

Polo que propoñemos ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS

1º.- Que o Concello poña urxentemente en marcha unha campaña de información para que os veciños teñan a información axeitada e se poñan en marcha cursos de maneira urxente a través do Centro de Desenvolvemento Local.

2º.- Se cree unha partida necesaria nos presupostos do ano 2016 co cal se poda sufragar parte do gasto de ditos cursos minorando o custo para os veciños.

3º.- Dirixirse á Xunta de Galicia esixindo, a través da Cámara Agraria, a creación de cursos en coordinación co Concello de Ponteareas.

4º.- Dirixirse ao Ministerio de Agricultura e que exima de ditos cursos aos maiores de 65 anos e que sexan substituídos con un curso de formación de uso dos produtos fitosanitarios”.-

Engade a Sra. Bautista Alfaya: son moitos os veciños que traballan con eses produtos pero non teñen carne, algúns viaxan ao Bierzo para obtelo.

Poucos cursos, pouca información que non chega aos veciños. Falta de respecto e de consideración aos nosos maiores .

Medida humillante para os veciños que se dedican ao campo, e se lles pide que sepan ler e escribir.

Son xente maior e ao non ter carné terán que abandonar a orta.

Esixen cursos de 25 horas, e facer un examen, pero ao mellor moitos maiores non foron a escola.

Por eso pedimos apoio de todos e da concellería de medio ambiente, á nosa moción.

O SR. ALCALDE, non só da concellería de medio ambiente, tamén da de medio rural.

De acordo coa proposta.

Tiñámolo previsto antes da primaveira do 2016.



CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Na oficina comarcal agraria da Xunta hai mais de 400 persoas en lista de espera, que ten a competencia de asumir, e evitar que queden excluídos.

A agricultura galega queda excluída por non contemplar a nosa realidade galega.

A oficina agraria da 1 ou 2 cursos ao ano (de 20 ou 30 alumnos), insuficientes, eles o saben.

Nos orzamentos para 2016 xa figurará unha partida. Apoiamos a moción.

Non podemos asumir o coste de 50 euros por alumno, nos poderemos subvencionar aos veciños de Ponteareas.

Esixiremos á Xunta que asuma as súas competencias e poderase prestarse o local do CDL.

O SR. TRONCOSO RODRÍGUEZ, apoiamos a proposta.

O SR. COSTAS VILA, de acordo. Puntualizar ia votar en contra do punto 4º pero en vista das aclaracións creo que eso debería constar no punto 4º.-

O SR. LAGO MORIÑA, o PSOE está de acordo, vai votar a favor da nosa xente, teñen que estar formados.

Faime graza o dito pola Sra. Bautista de que moitos non puideron ir a escola pública, hoxe sí a hai é grazas aos gobernos progresistas.

O SR. GONZALEZ SOLLA, de acordo pero dicir que é norma europea. Os cursos se fan nas oficinas agrarias ou ben nos concellos. Aquí levamos a cabo cursos no CDL, se pode seguir este sistema.

A SRA. BAUTISTA ALFAYA, me alegro do apoio á moción. Grazas polo apoio.

O SR. COSTAS VILA, esquezime de propor eximir de examen aos maiores de 65 anos.

O SR. ALCALDE, matizar como queda o punto 4º.

OSR. GONZALEZ SOLLA, vostede fala en nome do goberno, logo fala o do PSOE, non é o procedemento adecuado.

O SR. ALCALDE, mire o ROF, remate.

Sométese a moción á votación.

O punto 4º da moción se modifica e queda do seguinte xeito:

4º.- Dirixirse ao Ministerio de Agricultura e que exima de examen aos maiores de 65 anos, e que sexan substituídos con un curso de formación de uso dos produtos fitosanitarios.-

Os presentes amosan postura favorable á modificación do punto 4º:

VOTACION.-21 votos a favor (5 BNG, 4 PSOE, 1 A Riada,7 PP, 3 ACIP, 1 EU).



CONCELLO  
DE  
**PONTEAREAS**

(Pontevedra)

Na sua consecuencia acordase:

1º.-Que o Concello poña urxentemente en marcha unha campaña de información para que os veciños teñan a información axeitada e se poñan en marcha cursos de maneira urxente a través do Centro de Desenvolvemento Local.

2º.-Se cree unha partida necesaria nos presupostos do ano 2016 co cal se poda sufragar parte do gasto de ditos cursos minorando o custo para os veciños.

3º.-Dirixirse á Xunta de Galica esixindo, a través da Cámara Agraria, a creación de cursos en coordinación co Concello de Ponteareas.

4º.-Dirixirse ao Ministerio de Agricultura e que exima de examen aos maiores de 65 anos, e que sexan substituídos con un curso de formación de uso dos produtos fitosanitarios.-

**4.d).-Moción de urxencia en base á proposta da Alcaldía de data 16 de decembro de 2015 respecto da sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra o 10 de marzo de 2015, sobre a prescripción de débedas co partido político Unión Condado Paradanta.-**

O SR. ALCALDE, somete o asunto a votación da urxencia.

VOTACION.-Unanimidade a favor dos presentes (21 votos a favor).  
Queda declarada a urxencia.

O SR. ALCALDE, visto o oficio do 7-12-15 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra, requerindo información sobre a execución da sentenza do 10-3-15 nos autos do recurso contencioso administrativo nº 276/14 entablado por Unión Condado Paradanta sobre prescripción de cantidades adeudadas a dito partido, e que había que trasladalo ao pleno, agora nos enteramos e o que procede é tratalo no Pleno.

Visto informe do asesor xurídico do 15-12-15, dase conta da proposta da Alcaldía do 16-12-15 do teor:

*“Visto o oficio do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra de data 7-12-2015 requerindo información no prazo de cinco días sobre a execución da sentenza dictada con data 10-3-2015, no sentido de indicar a autoridade responsable do cumprimento da mesma, remitindo certificación dos acordos adoptados para levar a efecto o cumprimento da mesma.*





CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

*Visto o acordo da Xunta de Goberno de data 16-3-2015 no que quedou enterada do contido da sentenza citada e dar traslado do seu contido ao pleno da Corporación para que se trate o asunto.*

*Visto o informe da asesoría xurídica de data 15-12-2015 no que indica a forma de executar a sentenza en cuestión dada a urxencia que ven imposta polo Xulgado que concede so cinco días para informar, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación para dar cumprimento ao mandato xudicial, a adopción do seguinte acordo:*

1º.-Darse por enterado da sentenza dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de pontevedra de data 10 de marzo de 2015 pola que concedeuse ao concello de Ponteareas a resolver expresamente o recurso de reposición entablado polo partido político Unión Condado Paradanta contra o acordo do Pleno do 26-12-2012 e, en consecuencia estimar o devandito recurso e, en consecuencia, anular dito acordo plenario de 26-12-2012, solamente respecto ao devandito partido recorrente, e concederlle a UCPA o pertinente trámite de audiencia no prazo de QUINCE DÍAS a contar dende o día seguinte a recepción de súa notificación, sobre a existencia ou non da prescripción da débeda que o Concello mantiña con dito partido por importe de 13.015,12 euros, e, unha vez sometido o escrito e documentos que poida presentar UCPA ós informes pertinentes, se leve o asunto de novo ao Pleno para resolver expresamente sobre a existencia ou inexistencia da prescripción citada.

2º.-Notificar a Unión Condado Paradanta, dado que non ten representación na Corporación na actualidade, o trámite de audiencia a través da súa representación procesal no Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra no pleito de referencia, así como o propio xulgado para constancia de que se está executando a sentenza, asimesmo unha vez que decidase se concorre ou non á prescripción se lle notifique o acordo da mesma forma”.

O SR. COSTAS VILA, é unha sentenza e haberá que acatala sen mais.

VOTACIÓN.-Unanimidade a favor dos membros presentes (21 votos a favor).

A Corporación acorda:

1º.-Dar por enterado da sentenza dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de pontevedra de data 10 de marzo de 2015 pola que concedeuse ao concello de Ponteareas a resolver expresamente o recurso de reposición entablado polo partido político Unión Condado Paradanta contra o acordo do Pleno do 26-12-2012 e, en consecuencia estimar o devandito recurso e, en consecuencia, anular dito acordo plenario de 26-12-2012, solamente respecto ao devandito partido recorrente, e concederlle a UCPA o pertinente trámite de audiencia no prazo de QUINCE DÍAS a contar dende o día seguinte a recepción de súa notificación, sobre a existencia ou non da



CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

prescripción da débeda que o Concello mantíña con dito partido por importe de 13.015,12 euros, e, unha vez sometido o escrito e documentos que poida presentar UCPA os informes pertinentes, se leve o asunto de novo ao Pleno para resolver expresamente sobre a existencia ou inexistencia da prescripción citada.

2º.-Notificar a Unión Condado Paradanta, dado que non ten representación na Corporación na actualidade, o trámite de audiencia a través da súa representación procesal no Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra no pleito de referencia, así como o propio xulgado para constancia de que se está executando a sentenza, asimesmo unha vez que decídase se concorre ou non á prescripción se lle notifique o acordo da mesma forma”.

O SR. ALCALDE, anuncia as 21,49 horas que se suspende a sesión durante 10 minutos.

As 22 horas se reanuda a sesión e por unanimidade dos presentes acordase suspender o pleno definitivamente tendo en conta as peticións dos grupos do PP, ACIP, da secretaria e mesmo do goberno dado que é o día seguinte da celebración das eleccións xerais, quedando as comparencias para o pleno de xaneiro.

Sendo as 22,07 horas polo Sr. Alcalde dase por rematada a sesión do que eu, Secretaria accidental, dou fe.-